

1. Carballeira derramada,  
carballeira derramada,  
naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla.

*E chisco por diante  
e chisco por tras  
e tócalle as cunchas  
e o chascarraschás.  
Charrascarraschás,  
charrascarraschás,  
e chisco por diante,  
e chisco por tras*

2. Heiche de toca-las cunchas,  
miña carrapucheiriña,  
heiche de toca-las cunchas  
naquela corredoiriña.

*Eí veñen, eí veñen,  
eí veñen e van  
sardiñas fresquiñas  
de pola mañán.  
De pola mañán,  
de pola mañán,  
eí veñen, eí veñen,  
eí veñen e van.*

3. O carballo da Portela  
abanea e non cai  
así fai a boa nena  
que se ghía por seu pai

*E ti telo, telo  
e n' o queres dar  
e despois de vella  
halo chamuscar.  
Halo chamuscar,  
halo chamuscar,  
e ti telo, telo  
e n' o queres dar.*

4. Dáme o que che pido, nena,  
que non che pido diñeiro  
dáme a túa ovella neghra  
pra xuntar ao meu carneiro.

*E ti telo, telo...*

5. Dáme o que che pido, nena,  
que non che pido a vida  
de cintura para abaixo,  
da rodilla para arriba.

*E ti telo, telo...*

6. Dáme o que che pido, nena,  
dámo, que non é pecado,  
unha muxica de lume  
pra encende-lo meu cigharro.

*E ti telo, telo...*

*\*Intercálase outra melodía e  
discútese sobre a versión que se vai  
cantar, despois volven á primeira.*



\*